


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola PS2

Piñeiro silvestre *Pinus sylvestris* L.

Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Piñeiro silvestre

Pinus sylvestris L.

MODELO SILVÍCOLA PS2

Madeira técnica a quenda curta con persistencia do piñeiral

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade da plantación:** sobre 500 pés/ha a unha idade de 40-50 anos.
- Este modelo silvícola pode aplicarse a masas con escasos tratamentos previos e densidades, aos 40-50 anos, superiores a 700 a 1.000 pés/ha.

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total ata a primeira poda.
- Posible mantemento con gando, con roza previa da matogueira cando sexa necesario, cargas de 0,2 vacas ou 0,3 cabalos/ha.



MODELO SILVÍCOLA PS2

ESPECIE: *Pinus sylvestris* L., aplicable a formacións mixtas con outros piñeiros ou frondosas autóctonas

OBXECTIVO: madeira técnica a quenda curta con persistencia do piñeiral

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais das provincias de Lugo e de Ourense e os distritos XVI e XVII de Pontevedra. Montes con calidades de estación relativamente altas (>15 m de altura dominante aos 40 anos), poboados con mouteiras de diámetros homoxéneos



Máis información do modelo

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** a 2,5-3 m cando o diámetro normal medio sexa de 10 cm e a 6-8 m aos 15-17 anos, con roza previa por faixas e trituración posterior de restos.
- **Desmestas:** unha en rexenerados naturais antes dos 5 anos, mecanizada por faixas se é posible, ata deixar a densidade desexada. Tratamento de restos por trituración ou retirada para aproveitamento.
- **Primeira rarea:** aos 25 anos extracción de 550-600 pés/ha con aproveitamento de madeira para taboleiro ou *pellets*.
- **Segunda rarea:** aos 35 anos extracción de 300 pés/ha.
- Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas e deixar entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** aos 45-50 anos. Densidade en corta final duns 500 pés/ha, aproveitándose 300 m³/ha. Posibilidade de alongar a quenda se a evolución do prezo da madeira grosa así o aconsella.
- **Método de corta:** cortas en bosquetes de 3-4 ha, descontinuas e con cortas intermitentes. Rexeneración natural despois das cortas e plantación tras dous anos necesariamente se non se obtén rexeneración natural ata conseguir unha densidade de 1.500 pés/ha de plantas xa establecidas (>1,3 m de altura) ben distribuídas.